



Concello de Arbo

BASES DO CONCURSO DE CARTEIS E REDACCIÓN DA “LXVII FESTA DA LAMPREA”: ALUMNADO DO C.E.I.P ANTONIO CARPINTERO

1.- Obxectivo ou Finalidade do concurso:

O Concello de Arbo convoca o concurso de carteis e redacción para os alumnos matriculados no C.E.I.P Antonio Carpintero, con motivo da celebración da “LXVII Festa da Lamprea” prevista para os días 23, 24 e 25 de abril de 2027.

2.- Participantes:

Soamente poderán participar os alumnos matriculados no C.E.I.P Antonio Carpintero.

No concurso de carteis participarán todos os cursos.

No concurso de redacción participarán os alumnos de 3º a 6º de primaria.

3.- Tema, Característica técnicas, Soporte e Material:

A) CARTEIS

Tema: o cartel terá como tema fundamental Arbo, “LXVII Festa da Lamprea” gastronomía, paisaxe, patrimonio, o Viño, a Lamprea, os Rios Miño, Cea, Deva, etc.

Soporte: Calquera que o concursante considere axeitado.

Material: Lapis de cores, ceras, acuarelas, témperas, collage, etc...

B) REDACCIÓN

Tema: A redacción terá como tema fundamental Arbo, “LXVII Festa da Lamprea” gastronomía, paisaxe, patrimonio, o Viño, a Lamprea, os Rios Miño, Cea, Deva, etc. Terá unha extensión máxima de dous folios escritos por unha cara.

4.- Premios e réxime fiscal:

Os premios consistiran en material didáctico, xogos, etc ...

Os presentes premios configúranse de acordo coa Disposición Adicional 5ª da Lei 38/2003 de dezasete de novembro Xeral de Subvención, e concordante da Lei de Subvencións de Galicia, como axudas en especie.





Concello de Arbo

Establécense os seguintes premios:

A) CARTEIS

Outorgaranse dous premios por cada un dos cursos de Educación infantil e dous premios por cada un dos cursos de primaria.

O Xurado determinará non outorgar os dous premios ou no seu caso a entrega dalgún terceiro premio por curso.

A) REDACCIÓN

Outorgaranse dous premios por cada un dos cursos de 3º a 6º de primaria.

O importe dos premios será sufragado con cargo a aplicación orzamentaria correspondente do exercicio 2027, quedando supeditada a resolución de concesión dos mesmos a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2027.

De ser o caso, os premios estarán suxeitos a correspondente retención nos termos previstos na Lei 35/2006 de 28 de novembro reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

É requisito que os nenos e nenas premiados asistan a entrega de premios, que ten lugar no auditorio do centro multiusos durante a Gala da Lamprea.

O Xurado determinará non outorgar os dous premios ou no seu caso a entrega dalgún terceiro premio por curso.

5.- Presentación:

O prazo para a entrega das propostas de carteis finalizará o día **15 de xaneiro de 2027 no Colexio C.E.I.P Antonio Carpinteiro e o 18 de xaneiro de 2027** no Concello de Arbo

6.- Xurado:

Haberá un xurado composto pola Concelleira de Educación, dous profesores do CEIP Antonio Carpinteiro, un representante da Anpa e un traballador do Concello de Arbo que actuara como secretario/a do Xurado e que terá voz, pero non voto, e de cuxas deliberacións e conclusións se deixará constancia na acta que se levantará ao efecto.





Concello de Arbo

Se por calquera circunstancia o xurado non puidese ser o citado anteriormente, o alcalde terá a facultade de nomear outros membros de Asociacións, do ámbito da hostalería...

O xurado valorará especialmente a creatividade, o impacto visual e a súa relación coa filosofía do evento.

O xurado poderá deixar baleiros os premios se ningunha proposta acada a calidade esixida, ou rexeitar para o concurso aquelas que non se axusten ás bases.

O xurado elevará ao órgano municipal competente a proposta de premios que corresponda outorgar.

7.- Traballos presentados

As propostas presentadas ficarán en poder do Concello, podendo facer uso das mesmas para calquera evento que desenvolva, e podendo ser obxecto de exposición ou reprodución por parte do organismo convocante, sen que elo dea dereito a retribución algunha para os concursantes.

O Concello poderá efectuar cantas reproducións precise do cartel que obteña o premio e difundilo, sen que polo seu autor poda evocar dereitos ao respecto, podendo empregar a imaxe completa do cartel ou parte dela para realizar material relacionado coa festa.

Do mesmo xeito, poderá introducir algunha modificación nos carteis premiados se existira algunha dificultades técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo quen non figure inicialmente nas bases.

8.- Publicidade:

A convocatoria deste concurso e as súas bases, así como os sucesivos anuncios relativos ao concurso publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello.

10.- Normas en materia de Protección de datos:

Os datos persoais que os participantes ou gañadores do presente concurso faciliten para a participación no mesmo e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do concurso, serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Arbo.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Concello de Arbo

Os datos persoais proporcionados polos participantes e gañadores do concurso serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do presente procedemento de concorrência (concurso) e o desenvolvemento das prestacións derivadas do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as ditas finalidades, e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Do mesmo xeito, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de medios comunicación institucionais como Boletíns ou Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, coa finalidade de dar a publicidade legalmente esixidas ao procedemento.

En caso de que os participantes no concurso facilitaran datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente a súa inclusión deberán informar ás persoas interesadas dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto na sede electrónica do Concello de Arbo https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/?id_seccion=572.

De igual forma poderán poñerse en contacto coa persoa delegada de protección de datos e obter información adicional segundo o especificado no portal web.

10.- Normas finais:

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por todos os concursantes das presentes bases.

Os órganos competentes, en cada caso, quedarán facultados para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso, en todo o non previsto nestas bases.

O Alcalde. Horacio Gil Expósito
Documento asinado electronicamente.

O Alcalde. Horacio Gil Expósito. Sinatura Dixital á marxe.

